

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 15/03/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 15/03/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08-mar-2021, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/0158

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Montajes Eléctricos Salnés SLU para substitución da iluminación da Praza de Abastos (Zona E lateral esquerda) con 12 luminarias URKO 48 L 141 vatios, por un importe total de 7.596,38 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.62300.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0780

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL para obras de reparación no Centro Ocupacional de Matosinhos (reparación do tellado, lavado de pedra e tellado con máquina de auga a presión, subministro e aplicación de pintura cloro caucho fibrado en chapado, impermeabilización de tellado e pedra lateral a base de aplicación de impregnante hidrófugo para fachadas), por un importe total de 1.149,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0781

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para reparación do vehículo matrícula 5479GJC, adscrito ao citado servizo (cambio aceite e filtros, revisar niveis, limpar filtro de aire, engrasar camión e guindastre. Desmontar centros dianteiros para cambiar discos de freno e retens), por un importe total de 1.195,59 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0782

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR SL para o subministro de grupo electrógeno DGH5000 B con alternador AVR e KIT transporte, por un importe total de 1.350,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.213, para substitución do actual.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0783

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU adscrito ao citado servizo (cambio aceite e filtros, revisar niveis, engrasar camión e guindastre, cambio anticongelante, suxeitar piloto dianteiro dereito, cambiar set guindastre lado esquerdo, reparar instalación eléctrica e cambiar sensor), por un importe total de 714,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0784

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPRAROSA SL para subministro de material para reparación e mantemento de beirarrúas durante o exercicio 2021, por un importe estimado de 9.813,71 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0787

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de probas de toxicoloxía ata o 1 de febreiro de 2021 pola Fundación Empresa - Universidad Gallega (FEUGA) por un importe de 363,00 €(IVE incluído), con cargo á partida 132.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0788

Dáse conta do escrito presentado por Dona Catalina Jiménez Jiménez solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados o máis próxima ao número 8 da Rúa Francisco Porto Rey.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza para discapacitados/as na citada rúa, sinalizando a mesma na praza de estacionamento situada na esquina a carón do paso de peóns elevado que se está a realizar, co cal calquera usuario/a da mesma podería acceder á beirarrúa pola elevación do paso de peóns, facilitando así a mobilidade.

A citada praza de discapacitados/as vai destinada a usuarios/as en xeral, sempre e cando dispoñan da correspondente tarxeta habilitante.

Dar conta á Policía Local e Servizo de sinalización (Mario Vázquez).

PRP2021/0789

Dáse conta do escrito presentado por Dona Belén Arnos Bouza, solicitando a delimitación con sinalización de estacionamento nas inmediacións do Bar Barbeitos.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección no lugar comprobouse que non hai ningunha situación de estacionamentos que poidan chegar a impedir a circulación e que afecten á seguridade viaria, ademais a anchura da calzada é suficiente para unha correcta e fluída circulación.

Comunícase á Sra. Arnos Bouza en caso de que se volva a producir puntualmente o estacionamento que relata, o comunique á Policía Local (092 e 986501582) para que se proceda á sanción das condutas antiregulamentarias.

PRP2021/0791

Dáse conta do escrito presentado por Dona María de la O Fernández González solicitando información sobre:

- O proxecto ou proxectos que se remitiron de maneira directa á Xunta de Galicia para optar aos fondos que forman parte do proxecto Generation Next EU.
- Se se vai facer traslado dos proxectos a través da Deputación de Pontevedra.
- A redacción e o fin destes proxectos aos eixes principais do Plan Europeo de Recuperación e do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cales son neste caso.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seguinte:

- A Xunta de Galicia cando o solicite se farán as propostas oportunas.
- A Deputación Provincial pediu suxerencias e foron enviadas.
- O Estado tamén solicita propostas.

Polo que en canto exista mais concreción con este tema se informará debidamente.

PRP2021/0793

Dáse conta do escrito presentado por dona Maria de la O Fernández González solicitando a revisión por parte do Concello do estado dos colectores situados nas proximidades do Xardín de Ravella así como a revisión do conxunto do municipio para ver solucións temporais ata que non se renove o servizo.

Así mesmo solicita se lle indique a data na que o novo prego estará a dispor da oposición para revisar as condicións do mesmo.

A Xunta de Goberno local acorda comunicarlle:

- O prego se facilitará en abril aproximadamente.
- A renovación dos colectores está pendente da adxudicación do novo servizo.
- Os colectores amarelos, está avisada COREGAL para que proceda á limpeza dos mesmos.

PRP2021/0794

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Lorenzo Brianes, en representación de Turismo na Vila SL solicitando unha reserva de espazo permanente, onde poida estacionar un autobús, enfronte do Hotel Vilagarcía, na Avda. da Mariña nº 16.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que dado que o Hotel se atopa nun tramo da Avda. da Mariña no que está restrinxida a circulación de vehículos a motor agás carga e descarga, estando prohibido o estacionamento de vehículos, estando ademais este tramo afectado polo desenvolvemento do mercado semanal, considerando a imposibilidade de materializar unha zona reservada á carga e descarga fronte ao establecemento, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para a entrada de vehículos o tempo imprescindible para realizar as tarefas indicadas no seu escrito, tendo en conta o previsto no artigo 63.3.3, que indica: "Estas reservas utilizaranse exclusivamente para a parada prolongada ata un máximo de dez minutos dos vehículos que transporten viaxeiros ó ou dende o hotel, quedando prohibido nelas o estacionamento de vehículos por tempo superior".

PRP2021/0795

Dáse conta da publicación no DOG nº 44-Bis de data 5 de marzo de 2021 de corrección de erros do Decreto 37/2021, de 4 de marzo, da presidencia da Xunta de Galicia, polo que se modifica o decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0796

Dáse conta da publicación no DOG nº 44-Bis de data 5 de marzo de 2021 de corrección de erros da Orde o 4 de marzo de 2021 da Consellería de Sanidade, pola que se modifican a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0797

Dáse conta da publicación no DOG nº 44-Bis de data 5 de marzo de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0798

Dáse conta da publicación no DOG nº 44-Bis de data 5 de marzo de 2021 do Decreto 39/2021, do 5 de marzo, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 31/2021 do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0806

Dáse conta de escrito presentado por D. Marcos Rodríguez Martínez (VOX ESPAÑA) solicitando autorización para colocación dunha mesa e carpa portatil na Praza de Galicia o sábado 13 de marzo, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local, no que se fixaban as condicións para a ocupación de vía pública solicitada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2021/0805

Dáse conta do Convenio de Colaboración Educativa entre a Universidde de Santiago de Compostela e o Concello de Vilagarcía de Arosua para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado do Grao en Pedagogía, Grao en Educación social, Grao en Mestre de Educación Infantil, Grao en Mestre de Educación Primaria, Master Universitario en Procesos de Formación e Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinatura do citado Convenio.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2021/0802

Dáse conta do escrito da Consellería de Emprego e Igualdade-Servizo de Formación e Colocación, de autorización de modificación de obra da especialidade "Instalación e mantemento de zonas verdes e aproveitamento forestal" do Programa de Emprego Labora xove 2020.

Na resolución de concesión da subvención de data 3 de agosto de 2020, figura entre outras a conservación e mantemento do parque Dona Concha en Vilaxoan. Dado que esta obra xa está sendo executada por outra empresa autorízase á Entidade promotora a substitución desta obra pola Creación dun xardín interior no edificio do mercado de abastos de Vilagarcía. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0803

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Labora Xove 2020", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Bibiana Álvarez Seoane para a

implicación do módulo formativo MF2049_2: Manexo de embarcacións a motor e motos náuticas destinadas ao socorrismo acuático á especialidade "Socorrismo en espazos acuáticos e goberno de embarcacións de salvamento do programa de emprego "Labora Xove 2020", por un importe total de 5.000,00 €, cunha duración de 100 horas, con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0804

Dáse conta da xustificación final do Plan Concellos 2020- Liña 3 - Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concedeu ao Concello de Vilagarcía unha subvención por importe de 311.465,09€ destinados á contratación laboral de 40 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/0785

As mestras responsables das diferentes Escolas de Educación Infantil do Concello de Vilagarcía de Arousa, presentan escrito no que solicitan o apoio do concello á creación, por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Colexio Rural Agrupado Plurilingüe de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

Sinalan que o obxectivo fundamental sería elevar a calidade do ensino das comunidades rurais contribuíndo á vitalización socioeconómica e cultural das mesmas a través da elaboración e aplicación coordinada de proxectos educativos. As escolas seguirán funcionando como ata agora, cada unha na súa parroquia, cos nenos e nenas correspondentes, e cos mesmos mestres e mestras que están impartindo nestes intres, pero coas vantaxes de máis profesorado especialista e de apoio e a coordinación entre o profesorado.

Para a creación do C.R.A. é preciso contar cun local axeitado e acondicionado para que cumpra as funcións de sede.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda manifestar o apoio que solicitan para a creación dese Centro Rural Agrupado, apoio que xa ten materializado o concello mediante a posta a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dunha sala e dúas oficinas, incluídas no inmovible Oficina Municipal, en Urbanización As Gaiotas, en Vilaxoán, para sede do C.R.A.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2021/0807

Dáse conta de informe do responsable do Servizo de Medio Ambiente comunicando que por parte da Empresa Alfredo M. Luna Barros se procedeu á corta das árbores na zona interior da parcela situada na Avda. de Cornazo, pero non se procedeu á corta do arbolado no perímetro

desta coa calzada pola existencia de cableado. Tamén se realizaron traballos de roza do tractor con cadeas.

Así mesmo polo persoal do Servizo de Medio Ambiente procedeuse á corta do arbolado que había no perímetro do solar, é dicir, na franxa existente entre a calzada e o cableado, atopándose a día de hoxe o solar limpo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2021/0773

Dáse conta da seguinte proposta da Secretaria Xeral:

O Concello de Vilagacía de Arousa conta cunha oficina sita na Avda. de Cambados-San Cibrán-Sobradelo, 4-baixo (Urbanización la Gaviota), Vilaxóan que actualmente non está sendo destinada a ningún uso nin servizo público, pero debido a problemas xurdidos no citado inmoble considérase preciso e urxente formalizar unha póliza de seguros de responsabilidade civil.

A tal fin solicitouse orzamento a entidade aseguradora Mutua General de Seguros, a cal remitiunos unha póliza (nº 31974872), polo periodo que vai do 24/02/2021 ata o 01/01/2022, prorrogable anualmente, ascendendo o importe total da prima a cuantía de 242,13 €.

Por todo o exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á Mutua General de Seguros, S.A co CIF: A08171373 un contrato de seguros para a oficina sita na Avda. de Cambados-San Cibrán-Sobradelo, 4-baixo (Urbanización la Gaviota), Vilaxóan, polo periodo que vai do 24/02/2021 ata o 01/01/2022, prorrogable anualmente, ascendendo o importe total da prima a cuantía de 242,13 €, con cargo á partida 920-224.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2021/0769

Dáse conta da convocatoria Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2021-Liña 2) da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para a realización dun Programa para fomentar a igualdade de xénero nos ámbitos da formación para o emprego e da cultura, por un importe de 10.500,00 € coas seguintes actividades:

- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural.
- Curso de formación para o emprego para mulleres en situación de vulnerabilidade en Atención sociosanitaria de persoas en institucións.

Así mesmo acórdase aprobar a memoria descritiva do citado programa, cun orzamento total de 12.000,00 €, e o cofinanciamento por parte do Concello de 1.500,00 €.

PRP2021/0770

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Nova Xestión Cultural SL para a realización dun Obradoiro teórico práctico denominado "Cara a independencia dixital", que consta de 8 sesións de dúas horas cada unha, orientado a mulleres, por un importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2021/0790

Dos investimentos do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2018/2019, Anualidade (2019), obtivéronse unha serie de remanentes, por diferenza entre o importe subvencionado e o adjudicado e xustificado á Deputación Provincial de Pontevedra. No BOPPO de data 02/10/2020 de Aprobación da prórroga da anualidade 2019 do Plan Concellos 2018/-2019 permítese solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas obtidas nos mesmos ou outros investimentos, cos límites e condición alí expresadas.

Este Concello ten previsto a realización do Investimento CT 82/2020 “AMPLIACION DA REDE DE SANEAMENTO E DE PLUVIASI EN RÚA VERDEROL-AS CAROLINAS” por importe de licitación de 15.259,98 € (IVE engadido).

Por encargo do Sr. Concelleiro de Obras , redáctase o Proxecto Básico e de Execución de AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA RÚA VERDEROL, e que ten por obxecto a realización das obras de conexión das vivenda con rede de saneamento, así como a canalización das augas pluviais que discorren pola superficie cara ao río do Con, contemplando tamén a reposición do pavimento da rúa con aglomerado asfáltico, cun importe de licitación de 15.259,98 euros (IVE incluído) a cargo da Reinversión das baixas obtidas nos investimentos do Plan Concellos 2018/2019, Anualidade 2019.

Téndose en conta que este concello cumpre con tódolos requisitos esixidos pola convocatoria de subvención, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o Proxecto Básico e de Execución, supervisado favorablemente polo Arquitecto Municipal en data 09/03/2021, denominado “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA RÚA VERDEROL”, redactado polo Enxeñeiro Industrial don Miguel Angel Fariñas Martín, cun importe de licitación de 15.259,98 euros (IVE engadido).

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ó 100%, con cargo as bases de subvención para a Reinversión das baixas obtidas nos investimentos do Plan Concellos 2018/2019, anualidade 2019, dirixidos ós concellos da provincia e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 191, do venres 02 de outubro de 2020:

Investimento do que procede a baixa a reinvertir	importe da baixa
Reparación Material de cobertura edificio emerxencias	10.786,77 €
Sinalización semafórica Dr. Tourón, Alejandro Cerecedo e Fariña Ferreiro	9.214,71 €
TOTAL	20.001,48 €
Novo investimento para o que se solicita a reinversión	Importe do novo investimento
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NA RÚA VERDEROL	15.259,98 €

PRP2021/0792

Dos investimentos do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2018/2019, Anualidade (2019), obtivéronse unha serie de remanentes, por diferenza entre o importe subvencionado e o adjudicado e xustificado á Deputación Provincial de Pontevedra. No BOPPO de data 02/10/2020

de Aprobación da prórroga da anualidade 2019 do Plan Concellos 2018/-2019 permítese solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas obtidas nos mesmos ou outros investimentos, cos límites e condición alí expresadas.

Este Concello ten previsto a realización do Investimento CT 81/2020 “AMPLIACION DA REDE SANEAMENTO E MELLORA DO FIRME EN TRAVESIA PENA E TRAMO DE RÚA PENA, TRABANCA BADIÑA”.” por importe de licitación de 23.479,97 € (IVE engadido).

Por encargo do Sr. Concelleiro de Obras , redáctase o Proxecto Básico e de Execución de AMPLIACION DA REDE SANEAMENTO E MELLORA DO FIRME EN TRAVESIA PENA E TRAMO DE RÚA PENA, TRABANCA BADIÑA”., e que ten por obxecto realizar para a conexión das vivendas coa rede xeral de saneamento, así como mellorar o firme dun tramo da Rúa Pena., cun importe de licitación de 23.479,97 euros (IVE incluído) a cargo da Reinversión das baixas obtidas nos investimentos do Plan Concellos 2018/2019, Anualidade 2019.

Téndose en conta que este concello cumpre con tódolos requisitos esixidos pola convocatoria de subvención, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o Proxecto Básico e de Execución, supervisado favorablemente polo Arquitecto Municipal en data 10/03/2021, denominado “AMPLIACION DA REDE SANEAMENTO E MELLORA DO FIRME EN TRAVESIA PENA E TRAMO DE RÚA PENA, TRABANCA BADIÑA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial don Miguel Angel Fariñas Martín, cun importe de licitación de 23.479,97 euros (IVE engadido).

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ó 100%, con cargo as bases de subvención para a Reinversión das baixas obtidas nos investimentos do Plan Concellos 2018/2019, anualidade 2019, dirixidos ós concellos da provincia e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 191, do venres 02 de outubro de 2020:

Investimento do que procede a baixa a reinvertir	importe da baixa
Plan Asfaltados Camiños Rurais 2019-2ª fase	26.718,18 €
Novo investimento para o que se solicita a reinversión	Importe do novo investimento
AMPLIACION DA REDE SANEAMENTO E MELLORA DO FIRME EN TRAVESIA PENA E TRAMO DE RÚA PENA, TRABANCA BADIÑA	23.479,97 €

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/0771

Visto o expediente de gasto INT/2021/120 integrado pola relación de xustificantes F/2021/18 por importe de 19.955,17 €.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/18, por importe de 19.955,17 €, coa seguinte desagregación:

REX.	Documento	Fecha Doc.	Importe	Progr.	Econ.	Endosatario.	Nome Ter.	Texto Libre
F/2021/321	42761091	21/12/2020	1.046,42	920	224		MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	MULTIAUTO COMERCIAL / Póliza 11339562 / Periodo de cobertura: del 01-01-2021 al 31-12-2021 / PEUGEOT BOXER MBUS 270C 2.
F/2021/624	ABSL2021-7	26/01/2021	2.722,50	150	640		ALFONSO BOTANA, S.L.	Encargo e entrega do documento ambiental e do borrador da MP do PXOM de Vilagarcía de Arousa para a ampliación da EDAR

F/2021/785	0 V 55	31/01/2021	566,50	221	16201		DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L
F/2021/786	0 V 64	31/01/2021	38,50	912	22699		DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / ORGANO DE GOBIERNO / MONREIRIS
F/2021/1052	010/21	31/01/2021	556,40	920	22000		PAPELERIA ARINES, C.B.	SUBM. MATERIAL OFICINA, ADMÓN. XERAL.
F/2021/1054	017/21	05/02/2021	96,55	231	22000		PAPELERIA ARINES, C.B.	MATERIAL PROGRAMA ETNIA XITANA, SERV. SOCIAIS.
F/2021/1128	Emit- 5617	10/02/2021	6.214,00	334	48100	EDICIONS BOLANDA, S.L.	VARIOS	GUIONIZACIÓN, DESEÑO, EDICIÓN E IMPRESIÓN DO LIBRO-GUÍA: OS BOLECHAS. O ENTROIDO EN VILAGARCÍA.
F/2021/1147	10 3441	12/01/2021	699,11	2412	22199		ESPACIO LECTOR, S.L.	P/500 FOLIOS A4 (80GR) - NAVIGATOR / CARPETA Fº 2 ANILLAS (25MM) CARTON FORRADO ""AMARILLA"" - PARDO / CARPETA Fº 2 ANILLA
F/2021/1171	A 21028	15/02/2021	421,43	171	22109		TROQUIÑA, S.L.	Siro Agro 2 70L (Estiércol de caballo y / Cymbidium 3 Varas / Siro Agro 2 70L (Estiércol de caballo y / Gardenia jasmino
F/2021/1189	21023	15/02/2021	277,47	171	213		PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN CORTACÉSPED LB553S (ALBARÁN 0920 DE 08/01/2021)
F/2021/1190	21024	15/02/2021	273,75	171	213		PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN CORTACÉSPED LB553S (ALBARÁN 0921 DE 11/01/2021).
F/2021/1194	REP-21 001	31/01/2021	215,33	334	22602		BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Reparto material publicitario de las actividades de caracter cultural.
F/2021/1205	Emit- 44A	18/02/2021	505,44	171	22109		VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	DIOSMA (PARQUES E XARDINS DOLORES BARREIRO SUMAY REPOSICION) / LAVANDA ANGUSTIFOLIA / ANTIRRINUM / IBERIS / AGATHEA (
F/2021/1206	Emit- 45	17/02/2021	146,28	171	22109		VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	RANUNCULUS (PARQUES E XARDINS DOLORES BARREIRO SUMAY REPOSICION) / MESEM
